



ANA PONTÓN MONDELO


Compañeira, compañeiro:

Hai pouco máis dun mes que celebramos a nosa XVII Asemblea Nacional, na Coruña, co obxectivo explícito de abrir unha nova etapa, con novos retos, para o BNG e o nacionalismo.

Vimos dun período intenso e exitoso: do 2016 ao 2021 conseguimos primeiro resistir, despois actualizar o proxecto nacionalista e finalmente facer avanzar o BNG e convertelo na alternativa política e de goberno do noso país. Por iso nesta Asemblea tocaba debater a liña de traballo dos vindeiros anos e preparar o BNG para conseguir o principal reto que temos por diante: liderar un cambio político transformador no noso país e presidir a Xunta de Galiza en 2024.

Para o logramos necesitaremos todas as mans, toda a participación e compromiso da nosa militancia. Precisaremos tamén ampliar o BNG, sermos máis a sumar na defensa dun futuro mellor para Galiza. E precisaremos intelixencia, responsabilidade e unidade, unha acción colectiva que se desenvolva nos marcos que reforcen socialmente as posicións do BNG.

O Partido Popular está nervioso. Preocúpanlle os datos das diferentes enquisas que, unha tras outra, confirman a tendencia á alza do BNG. Tamén a nosa fortaleza na mocidade, nas vilas ou -frente á súa debilidade- o noso moi importante



avance en apoios e votos nos ámbitos urbanos. Mais sobre todo preocúpalles ter en fronte un BNG ambicioso, incómodo, ao que atacan desesperadamente porque poñemos en evidencia a súa constante traizón aos intereses da sociedade galega. Un BNG que, ademais, non cae na trampa de moverse nos marcos e na caricatura que a eles lles interesa.

No BNG estamos centrados nos problemas dos galegos e das galegas, e estamos propoñendo, con responsabilidade e rigor, propostas e medidas concretas, viábeis e solventes para mellorar a vida das persoas aquí e agora, coa defensa dos intereses do noso país como bandeira. Desde o nacionalismo, desde os nosos ideais e principios, estamos a trasladar unha proposta de país novo e beneficioso para a grande maioría. Unha Galiza con autoestima, confianza e capacidade para poñer os seus recursos ao seu favor. Unha sociedade galega que confíe no talento, na innovación, na igualdade, na ciencia, na creación de riqueza e emprego a partir do noso potencial en moi diversos sectores.

Escríboche esta carta para trasladarche o meu agradecemento e orgullo polo traballo constante e o compromiso co noso país que ti, como todo o conxunto das e dos militantes do BNG, demostrades cada día. Nesta nova etapa, esa forza viva que somos, xuntos e xuntas, vai ser máis necesaria que nunca.

Queremos disputarlle ao Partido Popular non unicamente a presidencia da Xunta. Queremos disputarlle a hexemonía social, cultural e política. Porque nós non compramos esa visión reducida, minorizada e tópica que o PP traslada sobre o que somos como país. Fronte esa Galiza enpequenecida, rexional, submisa ao espolio e ao centralismo, queremos

pensar e construír unha Galiza en grande. Porque Galiza ten recursos, capacidade e enerxía social capaz de poñer en marcha un modelo de país diferente, con futuro próspero, moderno e xusto.

A política non vai unicamente de ter razón. Vai de conseguir que a túa sociedade cha dea. No BNG temos un proxecto de país novo, que estou convencida pode ser maioritario. Confiamos na capacidade, coñecemento, talento e potencial da nosa sociedade. E queremos tecer unha ampla onda de cambio galego ao redor das nosas propostas, nesta nova etapa que vimos de comezar.

Precisámoste, necesitamos o compromiso de cada muller e de cada home do BNG nesta tarefa de gañar convencendo, de seducir explicando, de falar e trasladar as nosas propostas sorrindo, convencidas e convencidos de que avanzamos cando estamos centradas no noso: defender o noso país, o seu futuro e unha vida mellor para todas as persoas que nel vivimos. Sei, estou certa, de que imos contar contigo.



Ana Pontón Mondelo,
portavoz nacional do BNG.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15702 Santiago de Compostela
GALIZA

